


o escritor na súa terra



o escritor na súa terra

A Homenaxe ***O Escritor na súa Terra***, impulsada pola ***Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)***, chega este ano á súa **XIII Edición** recaendo, por decisión unánime da súa Asemblea de Socios e Socias, na figura de **Manuel Lourenzo**, que será homenaxeado no val onde naceu, O Valadouro.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da asociación, e tense constituído ao longo dunha década como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado/a cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural. É vontade da AELG honrar escritores/as procurando, deste xeito, o contacto directo co autor/a e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe.

Unha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón ***Letra E de escritor/a*** (unha peza escultórica asinada por un/ha recoñecido/a artista galego/a), a **plantación dunha árbore simbólica** (elixida polo propio autor, e que neste caso é un érbedo), a colocación **dun monolito conmemorativo** ou a **inauguración dun espazo público co nome do/a homenaxeado/a** ou cun nome elixido polo/a homenaxeado/a.

anteriores merecedores deste galardón

I Edición
ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS
1995 • Boa, Taramancos

II Edición
BERNARDINO GRAÑA
1996 • Cangas do Morrazo

III Edición
MANUEL MARÍA
1997 • Outeiro de Rei

IV Edición
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN
1998 • Vigo

V Edición
XOSÉ NEIRA VILAS
1999 • Gres, Vila de Cruces

VI Edición
UXÍO NOVONEYRA (póstumo)
2000 • Parada do Courel

VII Edición
LUZ POZO GARZA
2001 • Ribadeo

VIII Edición
XOSÉ CHAO REGO
2002 • Vilalba

IX Edición
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO
2003 • Nogueira de Ramuín

X Edición
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI
2004 • Teis, Vigo

XI Edición
PURA E DORA VÁZQUEZ
2005 • Ourense

XII Edición
MARÍA DO CARME KRUCKENBERG
2006 • Vigo

programa de actos

CONCELLO DO VALADOURO

11:30-12:15 h • Parque de Concepción Arenal
Plantación dun érbedo (árbore simbólica do escritor) e descubrimento da *Pedra Escultórica* dedicada ao homenaxeado.
Interveñen: Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG, e o escritor Manuel Lourenzo.
Descubrimento dunha placa na casa natal. Interveñen: Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da Aelg, e o escritor Manuel Lourenzo.

12:30 h • Centro Sociocultural Xuvenil e da Terceira Idade
Celebrarase un acto público no Centro Sociocultural. Intervirán: Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG, o Alcalde do Concello do Valadouro e o homenaxeado, Manuel Lourenzo.

CONCELLO DE ALFOZ

13:30 h • Torre Pardo de Cela
Acto oficial de entrega da “Letra E”. Intervirán: Mercedes Queixas Zas, Secretaria Xeral da AELG, e Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG.
Lectura da *laudatio*, pronunciada polo escritor e investigador Henrique Rabuñal.
Entrega da peza escultórica do artista Acisclo Manzano a Manuel Lourenzo.
Intervención do homenaxeado.

14:30 h • Xantar de confraternidade
Aberto aos/ás socios/as da AELG, á vecindade de Val do Valadouro e demais persoas interesadas, no Restaurante O Frenazo (Estrada Viveiro-Meira)

MANUEL LOURENZO

■ ■ ■ volvemos hoxe con Odiseo Lourenzo Pérez ás terras que o deron ao mundo un 15 de abril do 43 neste Valadouro que para moitos de nós é Ítaca familiar e próxima. Nestas terras están os mitos primeiros, os contos fabulosos dos vellos, o monte, o val e o mar que non anda lonxe. Estamos con el na Frouxeira vendo o Xistral e por entre as costelas véndolle a alma a este home que fixo pasar polo seu gabinete a Edipo rei de Tebas e pai de Ismene, a Hamlet, a Orestes e a Macbeth.

Altísimo poeta, narrador, articulista nada banal, ensaísta lumínico, tradutor, dramaturxista e dramaturgo -o máis prolífico autor teatral da nosa historia-, debuxante ocasional, conferencista gratificante, investigador impertérrito, orador, director teatral, actor de teatro, de cinema, de televisión, profesor e mestre de tantas xeracións, divulgador, dinamizador de diferentes iniciativas teatrais e non teatrais, galego libre e escritor culto, que pensa para nós desde el e por el.

Leva case medio século sendo carne e mente lúcida do teatro galego desde todas as posicións. O teatro que el profesa e predica permítenos gozar da escrita, da recepción e da profunda creatividade que encerra o xogo dramático. Un xogo no que os espectadores acompañamos os actores nunha precisa investigación que ten como materia fulcral a humanidade mesma...

HOMENAXE A MANUEL LOURENZO

Val do Valadouro
Concellos de Alfoz e O Valadouro
8 xullo 2007